

ESTUDOS DE ARTE DRAMÁTICA

REQUISITOS DE ACCESO:

1º Cumprir un dos seguintes requisitos académicos:

- Título de **Bacharelato ou equivalente**. No caso de ter materias pendentes de bacharelato poderanse inscribir no proceso de acceso e admisión e realizar a dita proba, e no caso de superala, poderán optar á asignación da praza solicitada, unha vez estean en posesión do título de bacharelato.
- Título de licenciado ou graduado universitario**
- Ter superada a **Proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos**.
- Para os que non cumpren os requisitos académicos e teñen 18 anos ter superada UNHA PROBA DE MADUREZA

2º Superar unha **Proba específica**:

- Superar unha **proba específica, obrigatoria para todos os que soliciten admisión e cumpran os requisitos académicos ou superen a proba substitutiva**.
- De conformidade co establecido no artigo **4.1 da Orde do 21 de novembro de 2016**, a proba específica de acceso aos estudos superiores de Arte Dramática terá por obxecto demostrar que o aspirante posúe a madurez, os coñecementos e as aptitudes para cursar con aproveitamento estes estudos, e axustarase ao disposto no artigo 5 da citada orde, segundo a especialidade para a que se opte.